

I.E.S. DO CASTRO

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO: 2023-2024

ÍNDICE.

Contenido

Capítulo I	1
Documento 1- PLAN ANUAL.....	1
Documento 2- HORARIO DO CENTRO.....	6
Documento 3- DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.	7
Documento 4- DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS (1ª Parte). DRD.....	7
Capítulo II	8
Documento 5- DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO. (DOC).....	8
Capítulo III	8
Documento 6- DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS (2ª Parte) (DRD)	8
Documento 7- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2023-2024	8
Documento 8 – PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.	21
Documento 9 – PROGRAMAS EDUCATIVOS E PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	21

Capítulo I

Documento 1- PLAN ANUAL

A Programación Xeral Anual supón a concreción para este curso escolar dos obxectivos específicos a acadar no presente curso académico 2023-2024, das medidas para a súa consecución e dos recursos para levalas a cabo.

Pretenderase ofrecer un ensino de calidade, no que o alumnado logre acadar uns obxectivos xerais e específicos o máis axeitados posibles impulsando a cultura do esforzo. O compromiso do centro, cara a unha formación académica e persoal das alumnas e alumnos, é apostar por dito ensino de calidade, con uns obxectivos prioritarios:

1. Un ensino de calidade debe **levar a unha formación integral do alumnado**, que lle permita rematar os seus estudos cuns coñecementos, capacidades e competencias axeitados, para poder facerse como persoa, poder continuar estudos superiores e ser quen de acceder ben formado ao mundo laboral.
Cara ó logro deste obxectivo impulsaranse as seguintes medidas:
 - a) Presentar unha oferta ampla de materias optativas, itinerarios e modalidades na ESO e no Bacharelato, sempre que a Administración educativa proporciónenos os recursos humanos e materiais necesarios, para que o alumnado poida ter unha formación diversificada e tamén integral.
 - b) Fomentar a participación das familias ou responsables legais na vida do centro a través de xuntanzas presenciais co equipo directivo, titorías e profesorado, sempre que sexa necesario; a través da súa integración nos órganos colexiados dos que teñen que formar parte e ofertando todo tipo de colaboración.
 - c) Potenciar a participación do alumnado nas actividades do centro, nos órganos colexiados e en todas aquelas actuacións nas que eles están directamente involucrados. Con tal motivo:

- Proporcionarase aos representantes do alumnado a información necesaria para o desenvolvemento das súas funcións.
 - Facilitaranse as reunións da Xunta de delegados
 - Favorecerase a comunicación da Xunta de delegados cos distintos órganos de dirección, coordinación didáctica e coordinación de convivencia do centro.
- d) Toda a comunidade educativa debe coidar de que se cumpran as Normas de Convivencia. Para tal fin:
- Fomentarase unha educación baseada nos valores humanos e no respecto e coidado do medio natural.
 - As actividades que se realicen terán como fin acadar unha mellor tolerancia e respecto mutuo, para aprender a convivir en comunidade.
 - Concienciarase ó alumnado para que coide e respecte o material e instalacións do centro, para que o proceso de ensino-aprendizaxe se produza en óptimas condicións.
- e) O orientador do centro vai ser a figura que asuma a Coordinación de Benestar e Convivencia, e será a persoa de referencia para mediar e solucionar posibles conflitos que poidan xurdir no día a día.
- f) Potenciar o coñecemento e funcionamento dos temas referidos aos cambios no sistema educativo e ás novas tecnoloxías.
- g) Proporcionar ó alumnado a máxima información, tanto polo profesor/a de cada materia como polos departamentos correspondentes, das Programacións das distintas materias. Cara a este obxectivo publicaranse as Programacións Didácticas na páxina web
- h) Continuar coa actualización da páxina web do centro como canle de información para o alumnado e as familias.
- i) Potenciar a participación do alumnado en todas aquelas posibles actividades de mellora no coñecemento das linguas estranxeiras que veñen convocando as distintas administracións (local, autonómica, estatal e europea).
- j) Animar á participación do alumnado, en todos aqueles programas e actividades educativas que oferten as distintas administracións e que se

consideren de interese para a súa formación e, polo tanto, tamén para o centro

2. Un ensino de calidade require unha **atención diversificada**, atendendo á heteroxeneidade de capacidades e motivacións do alumnado nos distintos grupos. Isto é moi difícil de acadar pois o profesor ou profesora é unha única persoa que se atopa nas aulas cunhas ratios de alumnado moi elevadas, sen posibilidade física para atender múltiples casos de aprendizaxe á vez. Aínda así, o noso profesorado intentarao con diversas medidas e recursos metodolóxicos que o aproximen a unha axeitada diversificación. O departamento de Orientación colaborará co profesorado nesta tarefa.

Dentro das medidas para ofrecer un ensino diversificado:

- Continuarase desenvolvendo e facendo o seguimento e avaliación do **Plan de Atención á Diversidade** elaborado polo Departamento de Orientación, traballando no tratamento personalizado do alumnado con características diferenciais sempre contando coa dirección e colaboración do Departamento de Orientación e co fluxo de información permanente coas titorías.
- Continuamos coa hora de reunión semanal que os titores e titoras de cada nivel teñen co Orientador, xa que deu moi bos resultados.
- Ofreceranse **medidas de atención á diversidade** para o alumnado con maiores dificultades, con agrupamentos específicos e reforzos en 1º e 2º da ESO e un Programa de Diversificación Curricular (PDC) en 3º da ESO. Neste obxectivo traballan especialmente a Xefatura de estudos, os titores e o Departamento de Orientación.
- Manteranse as **seccións bilingües en Inglés**:
 - na materia de Música en 2º da ESO,
 - e nas materias de Música e Educación Plástica e Visual en 3º da ESO, contemplando os desdobres, en cada grupo no que se imparta a sección bilingüe, en dous subgrupos para as materias mencionadas e para a materia de Inglés . A coordinación das seccións bilingües será levada por un docente do departamento de Inglés e contará co apoio dun Auxiliar de conversa.
- Continuarase, así mesmo, co **Programa do Diploma do Bacharelato Internacional** que, polo feito de combinar a titulación de dous bacharelatos, resulta máis complexo de desenvolver por parte do profesorado e de adaptar os horarios.

Tamén se continuará coas actividades promovidas dentro do Contrato Programa no marco do BI.

3. Un ensino de calidade necesita **favorecer e apoiar a labor docente** para fomentar a implicación do profesorado nos proxectos e plans do centro. Na consecución deste obxectivo contarase no centro cos **Equipos de dinamización** nos diferentes ámbitos:
 - a) **Equipo da Biblioteca**, que participa do Plan de Mellora das bibliotecas escolares, adoita estimular o interese do alumnado polos libros e o cine. Promoverá a lectura entre o alumnado co Proxecto Lector, a “hora de ler” e cos Clubs de lectura: para alumnos e alumnas, o Club de lectura en lingua inglesa e o Club de lectura para adultos. Tamén conta coa participación de alumnado que traballa como voluntariado algunhas tardes na biblioteca. O dinamismo nas accións do equipo da biblioteca e a interrelación entre os departamentos e a biblioteca, contribúen á procura dun ensino de calidade. Todas estas accións están recollidas no **Plan Anual da Biblioteca** para o presente curso.
 - b) **Equipo de dinamización das TIC** que afonda no plan de integración e fomento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación polo profesorado e polo alumnado, e con esta finalidade elabórase o **Plan Dixital do centro**. Contamos coa cooperación dalgúns profesores que se ocupan da incorporación de contidos na páxina web, de potenciar o emprego e a integración das Aulas virtuais no proceso do ensino, do mantemento dos equipos e de axudar e asesorar ao profesorado que o precise nas dificultades. Todas as aulas contan cun ordenador, alt falantes, un proxector e un encerado dixital, ademais de dúas aulas Tics equipadas e ordenadores portátiles para Tecnoloxía .
 - c) **Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)**, que fomenta o uso da lingua galega e potencia a presenza da realidade galega no proceso educativo. Desenvolverá e actualizará o **Proxecto Lingüístico de centro** e un Plan anual de Actividades a realizar durante o curso 2023-2024, e ocuparase da publicación da Revista do Centro. O EDLG ten carácter oficial polo que as súas propostas de actuacións esténdense á implicación do centro no seu conxunto.
 - d) Os equipos que desempeñarán un papel primordial na **mellora da convivencia**: o **Departamento de Orientación**, o **Equipo de dinamización da convivencia**, o **Equipo de Igualdade**, que potenciarán valores como o

respecto, a tolerancia, a responsabilidade, a solidariedade, o traballo en equipo, a non discriminación, a coeducación, o pacifismo, o ecoloxismo e outros que favorecen, sen dúbida, unha axeitada convivencia entre todos/as. Esta labor, que se recolle no **Plan de Convivencia** se pode desenvolver na mesma aula, pero tamén en todo tipo de accións como actividades complementarias e extraescolares a través de diversas charlas, visitas, películas, organizadas dende as titorías, o Departamento de Orientación, e en colaboración con diversas institucións públicas e/ou privadas.

e) Dende as titorías, e xunto con o Departamento de Orientación o Equipo de dinamización da convivencia e Xefatura de estudos, traballarase:

- en informar sobre as normas do centro (**NOFC**) e as súas actualizacións e modificacións
- en afondar nas estratexias de resolución de conflitos cos grupos de alumnos/as de mediación
- na capacidade para formar ao alumnado en asumir a responsabilidade dos seus actos e condutas e na mellora do seu propio benestar emocional. Neste senso continuarase coa implementación do **Programa Yam**, en colaboración coa Consellería de Sanidade, para a prevención do malestar emocional e da conduta suicida, e no noso centro contará coa participación, autorizada polas familias, do alumnado de 3º da ESO.
- nas adicións ás redes sociais, problema actual que cada vez cobra máis relevancia no alumnado adolescente.

Así mesmo o **Equipo de Igualdade** incidirá especificamente na información, sensibilización e prevención das ideas, prexuízos e actitudes racistas, de acoso, violencia de xénero, homofobia, e en xeral calquera cuestión que non respecte as diversas identidades persoais.

4. Un ensino de calidade precisa uns **espazos e instalacións axeitadas**; neste senso atopámonos con importantes carencias e deficiencias estruturais nas instalacións e que necesitan solucións urxentes para cumprir co noso traballo e co noso compromiso educativo. Faremos constar as nosas queixas e trataremos de resolver as seguintes cuestións:

- Pavillón (o ximnasio) que temos, e que é a aula específica para a materia de Educación Física, é insuficiente para que o profesorado poida impartir a súa materia; de feito hai dez horas semanais que non se poden impartir na aula-pavillón e, polo tanto, non se pode desenvolver a materia coa

- didáctica apropiada. A necesidade de outro pavillón está máis que xustificada.
- As pistas do centro, son un espazo insuficiente para todo o alumnado e nos atopamos con serios problemas os días de choiva xa que non é un espazo cuberto.
 - Unha cafetería cun espazo insuficiente para as horas de lecer (máis de 600 alumnos/as no recreo das mañás).
 -
5. Un ensino de calidade precisa a **comunicación e colaboración entre o profesorado e as familias**, para traballar conxuntamente e nun mesmo senso no proceso formativo dos alumnos e alumnas; para iso promoverase a información ás familias a través das distintas canles: presencial, telefónico, Abalar, correo electrónico, páxina web. As familias terán coñecemento das horas de tutorías de cada curso para poder pedir cita co titor/a ou, de ser o caso, para pedir cita cun profesor/a mediante o titor/a.

Documento 2- HORARIO DO CENTRO.

A) Horario xeral do centro.

O centro permanecerá aberto de luns ó xoves de 8 horas ás 20:00 horas e os venres de 8 horas ás 15:00 horas. Se algún profesor/a necesitara ou ten prevista algunha actividade co alumnado no centro, fora do horario lectivo, deberá avisar con antelación ó equipo directivo é a Conserxería.

B) Secretaría.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45 – 14:45	8:45 – 14:45	8:45 – 14:45	8:45 – 14:45	8:45 – 14:45
16:30 – 19:00		16:30 – 19:00		

C) Cafetería.

Permanecerá aberta de luns ó venres de 9 ás 15:00 horas. A cafetería pode estar aberta noutros momentos puntuais a petición do equipo directivo.

D) Horario lectivo.

HORARIO LECTIVO DO CENTRO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ESO e BAC	9:00-14:30 16:30-18:10	9:00-14:30			
BAC Internacional	9:00-14:30 16:30-19:00	9:00-14:30	9:00-14:30 16:30-19:00	9:00-14:30	9:00-14:30

E) Horario da Biblioteca.

A Biblioteca estará atendida tanto para o servizo de préstamo/devolución como para a súa estancia nela por un profesor/a de garda:

- de luns ó venres de 9:50 ás 13:40 horas.
- martes pola tarde de 16:30 ás 18:10 horas
- xoves pola tarde de 16:30 ás 19:00 horas

**Documento 3- DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS
COMPLEMENTARIOS.**

O IES do Castro non conta con servizos complementarios de comedor e transporte escolar.

Documento 4- DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS (1ª Parte). DRD

Entregado e supervisado pola Inspección.

Capítulo II

Documento 5- DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO. (DOC)

Neste documento recollese información detallada do alumnado, do profesorado e do persoal non docente e inclúense datos persoais protexidos pola Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, polo que o documento permanece baixo custodia do equipo directivo nos arquivos do centro.

Capítulo III

Documento 6- DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS (2ª Parte) (DRD)

Entregado e supervisado pola Inspección.

Documento 7- PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2023-2024

Na programación de actividades para este curso escolar manteremos aquelas que resultaron interesantes e positivas en cursos pasados, entre as que están as propias do ciclo festivo anual e conmemoracións de días sinalados (Día contra a violencia de xénero, Día da Paz, etc.). Tamén pretendemos incorporar as iniciativas que presenten os Departamentos e as diferentes institucións culturais que nos fan chegar as súas propostas.

Son, xa que logo, celebracións fixas no centro:

O ciclo festivo anual

- Samáin (para toda a ESO): a semana anterior ao 1 de novembro Vicedirección, en colaboración cos titores/as convócase un concurso de decoración das portas e interior das aulas.
- Magosto (para 1º e 2º de ESO): o venres 10 de novembro nas dúas últimas horas (se a climatoloxía o permite; de non ser así aprazárase para outra data próxima).

- Festival de Nadal: festival con diferentes actuacións preparadas polo alumnado, o xoves 21 de decembro.
- Entroido: concurso de disfraces e festival, o venres 9 de febreiro.
- Os maíos: a primeira semana do mes o alumnado de 1º e 2º de ESO elaborará un maio e cantará coplas escritas por eles.

Conmemoración de días sinalados

- 25 de novembro: Día contra a Violencia de Xénero. actividades do Equipo de Igualdade, Biblioteca, departamentos e titorías.
- 30 de xaneiro: Día da Paz. actividades do Equipo de Igualdade, Biblioteca, departamentos e titorías.
- 11 de febreiro: Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia con propostas de distintos departamentos.
- 23 de febreiro: Día de Rosalía, con diversas actividades e concursos organizados polo EDLG, o Departamento de Lingua Galega e o Equipo da Biblioteca.
- 8 de marzo: Día da Muller, actividades do Equipo de Igualdade, Biblioteca, departamentos e titorías.
- 14 de marzo: Día Escolar das Matemáticas.
- 21 de marzo: Día da Poesía, con actividades organizadas pola Biblioteca e os departamentos de linguas.
- 23 de abril: Día do libro, con actividades organizadas pola Biblioteca e os distintos departamentos.
- 17 de maio: Día das Letras Galegas, con diversas actividades e concursos organizados polo EDLG e o Equipo da Biblioteca.
- Día do Medio Ambiente
- Semana americana
- Semana das Linguas Clásicas
- Semana do Orgullo

Procurarase, como sempre, involucrar ao alumnado e profesorado e facer actividades deseñadas dende varias materias e Departamentos. Contamos sempre coa valiosísima colaboración dos equipos da Biblioteca e Igualdade na maioría das actividades propostas. Estas poden ser: elaboración e carteis por parte do alumnado, exposicións temáticas, recitais de poesía, proxeccións audiovisuais, representacións teatralizadas, entre outras.

O obxectivo de todas estas actividades é educar o noso alumnado en valores e implicalo na loita por un mundo mellor e máis xusto. Pero tamén axudalo a entender unha realidade complexa e en evolución permanente.

Confiamos en que o novo profesorado se implique no desenvolvemento das actividades e achegue suxestións así como novas ideas e dinámicas de traballo.

Para a coordinación de todas estas actividades é imprescindible que a Vicedirección conte coa información sobre elas con tempo suficiente para organizalas e difundilas entre o claustro. Tamén é importante que non se concentren en determinados trimestres ou en época de exames e sexan para todos os niveis educativos.

Tamén é importante a coordinación co Departamento de Orientación para que as actividades complementarias que programa (charlas sobre ciberseguridade, habilidades sociais, prevención de adicións, violencia de xénero, acoso escolar, etc.) non coincidan coas organizadas por outros departamentos.

Manterase informado ao claustro a través de dúas vías:

1. O taboleiro da sala de profesorado, onde se indicarán as actividades previstas no trimestre por cada Departamento para cada nivel educativo e, unha semana antes de que se realicen, haberá información máis detallada sobre cada unha delas.
2. O correo electrónico: o profesorado dos cursos que teñen prevista a asistencia a unha actividade recibirá un correo con toda a información sobre a mesma (día, hora de saída e chegada, profesorado acompañante e lista do alumnado que a vai realizar).

A vicedirección organizará durante 10 recreos unhas actividades de dinamización de xadrez en colaboración cunha asociación da cidade. Asemade, coordinará o profesorado e o alumnado de 2º de bacharelato para organizar a cerimonia de despedida e graduación.

En canto á viaxe de fin de curso para o alumnado que remata a ESO, tendo en conta que neste momento a situación económica non permite afrontar demasiados gastos extras a un gran número de familias (o 75% do alumnado da ESO do centro recibe libros do Fondo Solidario), estimamos conveniente realizala dentro do territorio nacional, sempre e cando haxa suficiente profesorado voluntario para acompañar o alumnado. No

momento en que teñamos o profesorado suficiente, procederemos a organizala. Cos números do curso pasado, entendemos que se necesitará un mínimo de 5 profesores/as para que poida realizarse.

ACTIVIDADES PREVISTAS POLOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS NO CURSO 2023-2024.

A relación de actividades propostas a continuación por cada departamento son unha previsión polo que haberá actividades programadas que por diversos motivos non se poidan realizar. Por outro lado, ao longo do curso pódense realizar actividades non previstas en función do interese de cada departamento nas propostas que nos oferten diferentes institucións, asociacións e organismos.

1. ARTES PLÁSTICAS

Na medida do posible, e o longo do curso, tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento. Non é posible facelo ao inicio xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico. As posibles actividades serían estas:

- Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna. **Exposicións temporais ou coleccións** relacionadas con diferentes disciplinas artísticas que son interesantes para o alumnado.
- **Charlas** informativas relacionadas cos contidos das nosas materias
- Participación en **concursos** e certames artísticos dentro e fóra do centro.
- Realización de proxectos e participación nas actividades relacionadas coas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares, Convivencia, etc...

2. ACTIVIDADES CAS (BI)

- Visita aos montes de Teis para a explicación do proxecto “Plantando cara ao lume” 1º e 2º de Bacharelato IB
- Proxecto CYES: obradoiro de investigación sobre a acción social para 1º de BACH IB

3. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Temporización	Cursos	Actividades propostas
1º trimestre	1º ESO	Visita a Naturnova
	Alumnado de Xeoloxía 2º bacharelato A/B	Taller de recoñecemento de minerais. Escola de Enxeñaría de Minas UVigo
	Alumnado de Cultura científica e Bioloxía 4º ESO e 1ºBACH	Videoconferencias de Igaciencia no mes da Ciencia en Galego (novembro). Conexión desde o centro.
	1º e 2º BI	Obradoiros: ISS Galicia A luz, a cor e a súa aplicación en investigación biomédica (preinscritos) VIH mozos e mozas (en lista de espera)
2º trimestre	Alumnado de Xeoloxía e de 2º bacharelato	Visita a unha contorna de interese xeolóxico por determinar.
	Alumnado de Cultura científica de 1ºBACH e 1ºBI	Visita á Depuradora do Lagares
3º trimestre	1º ESO	Visita ao Museo de Ciencias Naturais en Santiago
		Saída a unha praia para estudar a zona intermareal

4. EDLG

Desde o EDLG do IES do Castro propoñemos as seguintes actividades que tentaremos desenvolver durante este curso académico co fin de promover e promocionar a lingua no centro:

Actividades xerais:

- Club de lectura do centro.
- Elaboración podcast, videocríticas etc.
- Organización de charlas, conferencias, visitas de escritores etc.
- Celebración de festividadeas tradicionais: o Magosto, o Entroido, o Maio etc.

- Participación en actividades que fomentan o uso da lingua (lecturas compartidas, certames literarios etc.).
- Saídas educativas que permitan coñecer a cultura galega en toda a súa dimensión (arte, historia, literatura etc.): visita a museos, teatro, camiñadas literarias etc.

Actividades concretas:

- CONCURSOS DE REDACCIÓN: MICRORRELATOS DE TERROR coincidindo coa celebración do Samaín.
- CHARLA SOBRE COMO FALAR E ESCRIBIR EN GALEGO CON CORRECCIÓN E FLUIDEZ da man de Carlos Callón.
- ENCONTRO co contador Celso F. Sanmartín.
- CHARLA CON ALGUNHA ESCRITOR/A sobre unha das obras de lectura obrigatoria.
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS: EXPOSICIÓN DE CARTEIS E INFOGRAFÍAS RELACIONADOS COA FIGURA DE LUÍSA VILLALTA. Como todos os anos, colocaranse os carteis que manda a Consellería de Educación.
- EXPOSICIÓN DE NOVIDADES LITERARIAS EN GALEGO. En colaboración co Equipo de biblioteca, farase algunha exposición de libros escritos en galego en lugares estratéxicos e visibles para que o alumnado poida ollar as novidades editoriais.
- CONCURSO DE BOOKTUBERS / RECOMENDACIÓNS LITERARIAS en formato de vídeo de Youtube para celebrarmos o Día do libro.
- OBRADOIRO DE BAILE TRADICIONAL en colaboración co Dpto. de EF (asociación Donaire).
- DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER (25N): creación de lemas contra a violencia en colaboración co Equipo de igualdade.
- RECOLLEITA DE RECEITAS TÍPICAS DE ENTROIDO.
- REVISIÓN E CORRECCIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO CENTRO e solución a posibles dúbidas lingüísticas dos membros da comunidade educativa.

5. EDUCACIÓN FÍSICA

Temporización	Cursos	Actividades propostas
Participación en actividades varias , atendendo as ofertas que xurdan, ao longo do curso.		
1º trimestre	Todos	Campionato de bádminton nos recreos
	ESO	Patinaxe en Samil en decembro
2º trimestre	Todos	Campionato de baloncesto nos recreos
	3º ESO	Viaxe á neve (3 días en marzo)
3º trimestre	4º ESO	Rafting en Arbo no mes de maio

	Todos	Campionato de fútbol sala nos recreos
--	-------	---------------------------------------

6. EQUIPO DE IGUALDADE

Actividades propostas	Temporización
Actividades do Plan Proxecta 365 días de Igualdade	1º e 2º Trimestre
Actividades do Programa Enlaza Vigo	1º trimestre (novembro)
Saída ao Auditorio Mar de Vigo . Acto de Igualdade do Concello.	25 de Novembro
Actividades para conmemorar a semana da muller e a nena na Ciencia	Febreiro
Actividades para conmemorar o día da Muller	Marzo
Actividades para conmemorar o día contra a LGTBIfobia	17 de maio
Convivencia do alumnado do equipo de Igualdade	3º trimestre
Actividades para conmemorar o mes do Orgullo	Xuño
Almorzos de Igualdade.	Algúns luns ao longo do curso.
Todas as actividades que consideremos necesarias e beneficiosas para a formación do alumnado neste tema.	Ao longo do curso.

7. FÍSICA E QUÍMICA

Temporización	Cursos	Actividades propostas
1º trimestre	1º bacharelato	Visita ao CINTECX (UVigo)
2º trimestre	2º ESO	Visitas: Museo Nacional de Ciencia y Tecnología, MuNCyT, A Coruña. Casa de las Ciencias, A Coruña. Actividades organizadas pola fundación Abanca. Muller e a nena na ciencia.
	3º ESO	Galiciencia e Día da Muller e a Nena na Ciencia
	4º ESO	Visita ao CIFP Manuel Antonio. Familia profesional de Química. Charlas de divulgación científica.
	1º	Charlas e visitas a centros de investigación

	BACHARELATO	Visita á Facultade de Química na UVigo
	2º BACHARELATO	Visita ao Campus da UV e ao CINBIO Charlas de divulgación científica Visita ao CiQUS, USC (2º BI) Visita al Observatorio Astronómico “Ramón Mª Aller” – USC Masterclass Física de partículas Visita ao CERN

8. FRANCÉS

Temporización	Cursos	Actividades propostas
1º trimestre (Novembro)	3º/ 4º ESO	Cine Alianza francesa <i>SEULS</i> (Auditorio municipal)
	BACH	Cine Alianza francesa <i>La traversé</i> (Auditorio municipal)
2º trimestre	ESO	La Chandeleur (20 de xaneiro-2 febreiro) Foodtruck La Marinière
	ESO/Bach	Teatro <i>Le trois mosquetaires</i> (28 febreiro)
	1º /2º ESO	Contacontos (xoves 1 de marzo)
3º trimestre	3º ESO	Intercambio con Bretaña do 10 ao 17 de abril

9. INGLÉS

Temporización	Cursos	Actividades propostas
2º trimestre	Secc. Bilingüe	Teatro en Afundación
	ESO/BAC	Semana da muller (8 marzo)
	ESO/BAC	Semana irlandesa (17 marzo)
3º trimestre	ESO/BAC	Semana americana (12 a 16 de xuño)

9. LATÍN

Serán de interese neste apartado todas cantas actividades se realicen en conexión cos contidos da materia: conferencias, visita a museos, cidades, exposicións, roteiros temáticos ou relacionados co mundo romano (e clásico).

Na medida das posibilidades, realizaranse actividades deste tipo. Pódense tamén contemplar distintas posibilidades segundo os mecanismos de actividades extraescolares artellados polo centro:

4º ESO

1. Asistencia a algunha representación teatral do Festival de teatro Grecolatino de Lugo-Ourense (xunto cos alumnos/as de 1º e 2º de Bacharelato). Excursión de día completo: este ano intentarase ir a Lugo (Auditorio Gustavo Freire) o día mércores, 21 de febreiro de 2024) ou, no caso en que non se atopen prazas, a Tui (Teatro municipal) o día martes, 20 de febreiro de 2024.
2. Asistencia a un Xulgado do Penal en Vigo (estamos a esperar a cita que, en principio, sería para xaneiro o febreiro do ano que vén.

1º BACHARELATO

1. Asistencia a algunha representación teatral do Festival de teatro Grecolatino de Lugo-Ourense (xunto cos alumnos/as de 4º da ESO e 2º de Bacharelato: cf. supra).
2. En principio, os xulgados do penal, só permiten alumnos/as dun mesmo nivel: no caso de que non se fixese esta restrición, aos alumnos/as de 4º de ESO os acompañarían os/as de 1º de Bacharelato.
3. Pódense tamén facer apostas máis arriscadas como, por exemplo, aínda que, en principio estará enfocada aos alumnos de 2º de Bacharelato (pero tal vez se podería ampliar aos de 1º), unha viaxe a Sicilia, importante foco de restos de, entre outras, as civilizacións grega e romana. Non se descarta decantarse, en lugar desta viaxe a Sicilia, por unha viaxe a Grecia en colaboración co Departamento de Grego para os alumnos de 1º e 2º de Bacharelato.

2º BACHARELATO

1. No caso de que algún/a alumno/a consiga un bo nivel de tradución, estudarase a posibilidade de presentalo/a ás Olimpíadas de Tradución da SEEC Galicia na USC: finais de maio de 2024.
2. Asistencia a algunha representación teatral do Festival de teatro Grecolatino de Lugo-Ourense (xunto cos alumnos/as de 4º da ESO e 1º Bacharelato: cf. supra)
3. Segundo o esquema de actividades extraescolares deseñado polo cetno e os seus distintos departamentos, poderase traballar nun proxecto que, en principio, está enfocado a estes alumnos de 2º de Bacharelato pero que, tal vez, podería ampliarse aos de primeiro), unha viaxe a Sicilia, importante foco de restos de, entre outras, as civilizacións grega e romana. Non se descarta decantarse, no lugar desta viaxe a

Sicilia, por unha viaxe a Grecia en colaboración co Departamento de Grego para os alumnos de 1º e 2º de Bacharelato. As datas poderían ser finais de xuño/principios de xullo.

10. LINGUA CASTELÁ

Programado para o 15 de febreiro, *Entremes de Cervantes* 3º ESO.

Para o 10 de abril os 2º de Bacharelato a *La casa de Bernarda Alba*.

1º o 2º de la ESO teatro en Salesianos.

Actividades o Día do Libro e Día da poesía.

11. LINGUA GALEGA

Temporización	Cursos	Actividades propostas
1º/2º trimestre	1º BI	Actividade lectora co alumnado da EEI Vila Laura (pendente de confirmación)
2º trimestre	1º ESO	Asistencia á obra de teatro Monstros da Sala Ártika
	1º ESO/Oratoria 3º ESO	Contacontos con Celso Fernández Sanmartín
	2º BACH.	Posible faladoiro literario co escritor Brais Lamela (pendente de confirmación)
	1º BACH.	Conferencias profesorado universitario a través do programa Ponte da USC Excursión a Pontevedra: camiñada polos espazos vitais de Xoán Manuel Pintos e visita ao Museo de Pontevedra. Co departamento de XH.
3º trimestre	3º ESO	Excursión a Celanova: A casa dos poetas (Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro) e concerto de órgano. Cos Dptos de Música e XH.
	1º BACH.	Posible faladoiro literario co escritor Juan Tallón (pendente de confirmación) Visita á Fundación Penzol para coñecer os fondos medievais e primeiras edicións custodiadas na institución. Visita á rúa Real, onde se situaba a antiga imprenta de Juan Compañel.

12. MATEMÁTICAS

Temporización	Cursos	Actividades propostas
Todo o curso	ESO e BACH	Taller de matemática recreativa e manipulativa (Recreo dos martes) Elaboración dun cubo de Rubik co alumnado interesado (unha sesión mensual).
2º trimestre	1º ESO	Obradoiros de matemáticas no Mar de Vigo
	2º ESO	Olimpiada Matemática
	3º ESO	Participación no concurso de resolución de problemas “Matemáticas na raia”.
	ESO	Semana Matemática do IES do Castro
		Participación no concurso LigaMats
		XIV Edición da Semana Matemática de Vigo Imatxina
	1º e 2º BACH	Olimpiada Matemática Galega en Santiago de Compostela
2º/3º trimestre	ESO	Rallye matemático Concurso LigaMats Saída do alumnado da ESO para ver os murais que se atopan arredor do centro. En cada un deles, terán que resolver un problema matemático en grupo de 3 ou 4 persoas. Participación na unidade didáctica interdisciplinar “O entorno do Castro como recurso didáctico”.

13. MÚSICA

Temporización	Cursos	Actividades propostas
Todo o curso	ESO e BACH	Colaboración nas celebracións do ciclo festivo anual e dos días sinalados
3º trimestre	3º ESO	Saída a Celanova con LG e XH
	2º /3º ESO	Ecopercusión

14. ORIENTACIÓN

Temporización	Cursos	Actividades propostas
1º trimestre	2º Bacharelato	Visita a UNITOUR
	4º ESO	Visita a EDUGAL
2º trimestre	1º Bacharelato	Visita á USC. Programa A Ponte
	4º ESO	Saída ao CEP Doutor Fleming e ao Monte do Castro
3º trimestre	2º Bacharelato	Visita ao CUVI
	1º ESO	Xornada de convivencia
	2º ESO	Xornada de convivencia
	Mediadores	Xornada de convivencia
Sen concretar	Sen concretar	Outras actividades que poidan xurdir ao longo do curso.

15. RELIXIÓN

Temporización	Cursos	Actividades propostas
2º trimestre	1º a 4º ESO	Cine social de Cáritas (2 e 6 de febreiro)
2º /3º trimestre	1º e 2º ESO	Visita a Poio e Pontevedra (27 de maio e 3 de xuño)
	3º ESO	Viaxe a Toledo (tres días, antes ou despois de Semana Santa)
	4º ESO	Viaxe a Madrid (tres días, antes ou despois de Semana Santa)
	Bacharelato	Viaxe a Salamanca ou Asturias. Se por circunstancias diversas non se desen as condicións para a realización da saída didáctica de Bacharelato, o alumnado deste nivel podería participar na saída da ESO.

16. TECNOLOXÍA

1º de ESO

- Decembro saída á ETRAD
- Xuño: Concurso de estruturas na area

2º e 3º de ESO

- Concurso de robótica de Enxeñería Industrial (soe ser o mes de abril-marzo)

- Visita aos Museos de ciencia e tecnoloxía de Coruña (organizado polo departamento de Física e Química)

4º ESO:

- Sotavento (data dependente da dispoñibilidade)

1º BACH - Tecnoloxía e Enxeñería

- Sotavento (con 4º de ESO)
- Actividades organizadas pola escola de Minas

2º BACH Tecnoloxía e Enxeñería e TIC II

- Museo tecnolóxico e BMW de Munich
 - Aimen
 - Visita aos laboratorios de materiais de Enxeñaría Industrial
- Sociedade Dixital 1º de BACH
- Citius santiago + AMTEGA (poden ir TIC II)
 - Unha exposición Barrie/A Fundación na Coruña

17. XEOGRAFÍA E HISTORIA

Temporización	Cursos	Actividades propostas
1º trimestre	Alumnado de Hª da Arte. 2º bacharelato	Visita a Santiago de Compostela. Catedral e outras actividades.
2º ou 3º trimestre	2º, 3º e 4º ESO, 1º de bach.	Visita a Meirande e Illa de San Simón. Visitas ao Porto de Vigo, polígonos industriais, Museo de Castrelos e túneles do Castro.
3º trimestre	1º ESO	Visita ao Parque Arqueolóxico de Arte rupestre de Campo Lameiro ou ao castro de San Cibrao de Las. Visitas ao xacemento do Castro ou de Toralla.

18. ACTIVIDADES DA ANPA

Clases de baile galego os xoves pola tarde de 17.30 a 18.30.

Documento 8 – PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.

Aparecen recollidas:

- nas actividades , xerais e concretas, propostas dende a EDLG, o departamento da Lingua Galega, e nas conmemoracións das nosas tradicións.
- no **Proxecto de fomento de uso do galego**, xunto con un cadro resumo das actividades para o curso 2023-2024.

Documento 9 – PROGRAMAS EDUCATIVOS E PROGRAMAS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

1) Programas de éxito educativo, solicitados e concedidos, nos que participa o alumnado coordinados polo profesorado que os desenvolve.

- Contratos-Programa Innova**, programas que ofrecen aos centros educativos oportunidades e recursos para desenvolver os seus proxectos dende un enfoque innovador, e seguir afondando na procura de estratexias para cambiar dinámicas e adoptar enfoques metodolóxicos novidosos. Temos dúas modalidades:
 - **EDU-Excelencia**: o centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento e que está asociado e desenvolvido polo Bacharelato Internacional.
 - **EDU-Saúde**: o centro como dinamizador de hábitos de vida saudables e que vai traballar co alumnado na preparación , deseño, ubicación, etc, dunha horta no centro.
- Contratos-Programa Inclúe**: programas que promoven a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa. Temos dúas modalidades:
 - **IGUÁLA-T**: traballárase en colaboración co equipo de igualdade
 - **CONVIVE-T**: traballárase fundamentalmente na formación do alumnado na mediación nos conflitos.

c) **Intercambios Escolares. Programa EduExchanges presencial 2023-2024.**

Temos tamén dúas propostas, aprobadas polo Consello Escolar, con as correspondentes solicitudes á Consellería de Educación das achegas económicas:

- Departamento de Francés, dentro da modalidade 1 (Intercambios con outros países da UE) .
- Departamento de Inglés, dentro da modalidade 2 (Intercambios con outros países fóra da UE, o centro solicita con EE. UU.). Sinalar que este intercambio ten características especiais: ofertase para o alumnado de 1º de Bacharelato que no mes de xuño recibe ó alumnado de EE. UU. (curso académico 2023-2024), e cando este alumnado vai a EE. UU. é a principios de setembro, que será o curso académico 2024-2025.

Pola singularidade deste intercambio, a achega económica que se solicita á Consellería de Educación, de concederse, non é notificada ó centro nin coñecida a súa dotación, ata o primeiro trimestre do curso 2024-2025.

d) **Acreditación en Linguas Estranxeiras para o alumnado de centros públicos.**

A dotación por cada alumno/a é de 100 € para realizar as probas de acreditación dos niveis B1, B2 e C1. Temos concedidas 14 prazas para 2º Bacharelato (das 17 solicitadas): 12 para Inglés e 2 para Francés.

No ámbito dos **Plans Proxecta** temos concedido o programa “ **Por 365 días de respecto e igualdade: prevención da violencia de xénero no ámbito educativo**”, e que ten como obxectivo principal proporcionarles ás alumnas e ós alumnos, dende a escola, formación e ferramentas que lles permitan coñecer e recoñecer a violencia contra as mulleres, e actuar na súa prevención, fomentando a autoestima, a autonomía, o coñecemento da construción social das súas identidades sexuais e a asignación de roles, o que permitirá traballar na eliminación de estereotipos sexistas e de falsas crenzas.

2) Programas de Formación do profesorado (PFPP).

O centro ten concedidos polo CFR (Centro de Formación y Recursos) de Vigo catro itinerarios, “A convivencia no centro”, “Tecnoloxías Intelixentes e Intelixencia Artificial”, “Prácticas Restaurativas” e “Polos Creativos: Audiovisual e Téxtil”, que se concretan nas seguintes cinco actividades ou Proxectos de Formación Permanente del Profesorado:

- A aula de convivencia no IES do Castro, que se desenvolve dentro da Competencia en educación inclusiva e coeducación. Modalidade: grupo de traballo.
- A Intelixencia artificial e as tecnoloxías intelixentes no IES do Castro, que se desenvolve dentro da Competencia dixital. Modalidade: Seminario.
- Iniciación nas Prácticas Restaurativas no IES do Castro, que se desenvolve dentro da Competencia en educación inclusiva e coeducación. Modalidade: Seminario.
- Proxecto audiovisual no IES do Castro, que se desenvolve dentro da Competencia didáctica. Modalidade: Seminario.
- Proxectos téxtiles no IES do Castro, que se desenvolve dentro da Competencia didáctica. Modalidade: Seminario.

As actividades do Proxecto audiovisual e dos Proxectos téxtiles están asociadas ós Polos Creativos, este é un programa de innovación educativa e ten como obxectivo final o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

